

O ESPAZO HUMANO EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA

1.- A distribución da poboación.

1.1.- A distribución da poboación en Europa.

En 2015, Europa contaba cuns 743 millóns de habitantes, e unha densidade demográfica de 73hab/km².

- As *zonas de alta densidade* son aquelas que contan cun medio físico favorable e unha economía dinámica. Destacan as seguintes:

Diagonal europea entre Londres e Milán. Ten máis de 200hab/km². É a área de maior densidade; isto débese a que foi o foco inicial da industrialización.

O litoral mediterráneo, con agricultura intensiva, turismo e industria.

O litoral atlántico, con comercio, portos e industria.

A chaira centroeuropea ata Kiev, cunha importante industria.

Os vales fluviais (Po, Ródano e Danubio), con agricultura, industria e transporte.

- As *zonas de baixa densidade* presentan condicións naturais desfavorables, como o clima frío do norte de Europa, Islandia e Rusia; as áreas de montaña; ou a aridez do interior das penínsulas do sur de Europa.

1.2.- A distribución da poboación en España.

En 2015, España tiña 46'7 millóns de habitantes, e unha densidade demográfica de 92'3hab/km².

- As *zonas de alta densidade* son Madrid (capital política desde 1561, con Filipe II); a periferia peninsular (importante comercio marítimo, industria e servizos); Baleares e Canarias (polo turismo); e Ceuta e Melilla (con pouca superficie).

- As *zonas de baixa densidade* son o interior peninsular, onde o declive da agricultura conleva a emigración cara áreas industrializadas, e as áreas de montaña.

1.3.- A distribución da poboación en Galicia.

En 2015, Galicia contaba cunha poboación de 2'73 millóns de habitantes, e unha densidade de 92'18hab/km².

- As *zonas de alta densidade* son as áreas costeiras, destacando o Eixe Atlántico, atravesado pola AP-9, que conecta cinco das sete cidades galegas.

- As *zonas de baixa densidade* corresponden coas áreas do interior.

No caso de Galicia destaca a gran dispersión do poboamento.

2.- A evolución da poboación.

2.1.- A evolución da poboación en Europa.

O crecemento é lento ata mediados do S.XVIII. As taxas de natalidade e mortalidade son altas.

Ata mediados do S.XX ten lugar un forte crecemento. Corresponde coa fase de transición demográfica. Redúcese a mortalidade pero a natalidade permanece alta. O crecemento vese freado en parte pola emigración e as Guerras Mundiais.

Desde mediados do S.XX redúcese o crecemento, pois Europa entra na segunda fase da transición demográfica, coa redución da natalidade. Desde 1990 o crecemento mantense grazas á emigración procedente doutros continentes.

2.2.- A evolución da poboación en España.

O réxime demográfico antigo mantense ata principios do S.XX, con taxas de natalidade e mortalidade elevadas.

A transición demográfica ten lugar entre 1900 e 1975; a natalidade descende lentamente; a mortalidade faino moi rápido polos avances sanitarios e a mellora na alimentación. O crecemento natural é forte.

Por último, o réxime demográfico moderno iníciase en 1975; o crecemento é lento polo descenso da natalidade.

2.3.- A evolución da poboación en Galicia.

O crecemento é lento ata 1930, pois as taxas de natalidade e mortalidade permanecen en niveis altos.

Desde 1930, a evolución será similar ao conxunto de España.

Na actualidade, a mortalidade é superior á natalidade, polo que o crecemento natural é negativo, en torno ao 4 por mil.

3.- Os movementos migratorios.

3.1.- Os movementos migratorios en Europa.

- No pasado.

Ata mediados do S.XX, Europa ten un saldo migratorio negativo polo forte crecemento demográfico e a mellora e abaratamento dos transportes.

Por un lado, o éxodo rural provoca un forte crecemento urbano; por outro, tamén ten lugar a emigración cara outros continentes, entre os que destacan América e Oceanía.

- No presente.

Desde 1960, o crecemento económico reduce as migracións exteriores.

A emigración entre os países europeos débese ao diferente grao de desenvolvemento económico.

Entre 1960 e 1975 destacan os movementos desde países do sur cara Suíza, Francia e Alemaña, que finalizan coa crise de 1973 e o retorno dos emigrantes aos seus países de orixe.

Desde 1990, os movementos predominantes van desde a Europa do leste cara occidente e cara o sur, debido á desaparición da Unión Soviética.

En canto á inmigración cara a Europa, ata 1985 é moderada, desde as antigas colonias cara as metrópolis.

Entre 1985 e 2008 ten o seu máximo auge, desde África, Asia e América, cara os países do sur de Europa, máis permisivos.

Desde 2008 descende pola crise económica e as restricións á inmigración.

3.2.- Os movementos migratorios en España.

- Emigración.

Ata 1975 realízanse desprazamentos buscando traballo e mellores condicións de vida.

Na emigración interior destaca o éxodo rural desde o interior peninsular cara áreas industrializadas (Cataluña, Euskadi, Madrid), e cara as zonas turísticas costeiras.

Na emigración exterior diferenciamos varias fases. Ata os anos 60 os destinos máis importantes estarán en América Latina. Desde os anos 60, os emigrantes diríxense cara Europa Occidental. O saldo migratorio é negativo, o que alivia o paro e ademais aporta o diñeiro que os emigrantes envían ás súas familias.

Desde 2008 iníciase unha nova oleada de emigración, con traballadores cualificados en paro que se dirixen cara Europa.

- Inmigración.

España recibe inmigración de forma notable desde 1995. En 2015 residen en España 4'7 millóns de inmigrantes, inda que a súa entrada se frea desde 2008 pola crise económica.

A súa procedencia é diversa. Desde a Unión Europea chegan persoas cualificadas na procura de traballo ou xubilados. Desde os países en vías de desenvolvemento (América Latina, Asia e África) farano traballadores pouco cualificados.

Os seus destinos son, principalmente, Madrid, a costa mediterránea e Canarias.

Como aspectos positivos, a súa chegada dá lugar a un aumento da natalidade, da man de obra e da diversidade. Pola contra, os problemas son a falta de integración e o rexeitamento.

3.3.- Os movementos migratorios en Galicia.

Nos anos 60 ten lugar o éxodo rural, cara Castela para traballar como xornaleiros, e cara as cidades máis dinámicas e capitais de provincia.

As migracións exteriores tamén varían; ata os anos 60 diríxense cara América (Arxentina, Brasil e Cuba); desde 1960 a 1980, cara Europa (Alemaña, Suíza e Francia). Desde 2008, cara a Unión Europea, pola crise económica.